



ACTA DA CUADRAXÉSIMA REUNIÓN DA XUNTA REITORA DO CENTRO

ASOCIADO Á UNED EN LUGO. -

Acta número 40

ASISTEN:

- **Don José Tomé Roca**, presidente da Deputación Provincial de Lugo, alcalde do Concello de Monforte de Lemos e presidente da Xunta Reitora. *No edificio do antigo “Hotel Miño”, - sito na rúa Tolda de Castela, 4B da cidade de Lugo-, sendo as 13:00 horas do día 6 de maio de 2022, dá comezo (en convocatoria extraordinaria) a cuadraxésima reunión da Xunta Reitora do Centro Asociado á UNED en Lugo, tras orde de convocatoria formulada polo presidente da Xunta Reitora, coa seguinte*
- **Dona Lara Méndez López**, alcaldesa - presidenta do Concello de Lugo e vicepresidenta da Xunta Reitora.
- **Don Jesús de Andrés Sanz**, na súa condición de vicerreitor de Centros Asociados da UNED e asumindo a delegación do voto de don Ricardo Mairal Usón, reitor magnífico da UNED e de dona Rebeca de Juan Díaz, secretaria xeral da UNED.
- **Don José Alberto Díez de Castro**, secretario xeral de Universidades da Xunta de Galicia.
- **D. Emilio Villarnea Méndez**, concelleiro de Educación do Concello de Viveiro
- **Dona Gloria Prada Rodríguez**, na súa condición de primeira tenente de alcalde do Concello de Monforte de Lemos.
- **Dona Ana Belén Traseira Pena**, na súa condición de directora do Centro Asociado á UNED en Lugo.
- **Don Alejandro Prieto Mazaira**, na súa condición de secretario da Xunta Reitora e de secretario do Centro Asociado á UNED en Lugo.
- **Don Carlos García Rodríguez**, representante do Persoal de Administración e Servizos do Centro Asociado á UNED en Lugo
- **Dona Reyes Rodríguez Rodríguez**, representante de profesores –titores do Centro Asociado á UNED en Lugo.

Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da implantación no Centro das dúas novas titulacións de grao da UNED e do Grao en Ciencias Ambientais.

1.- Aprobación, se procede, da implantación no Centro das dúas novas titulacións de grao da UNED e do Grao en Ciencias Ambientais.

Intervén primeiro brevemente o señor presidente para dar a benvinda a todos e para explicar que acaba de asinar a cesión da sede, do edificio onde reside actualmente o Centro Asociado, xunto co tamén presente señor vicerreitor de Centros, que foi un antigo hotel, explica, que foi transformado para ser sede da UNED en Lugo, cun investimento por parte da Deputación de algo máis de dous millóns de euros, que se inaugurou no ano 2017 e que, desde entón, vén prestando servizos importantes á xente que quere estudar e que non

	IV7ASXBSL34CZTBY6UAQ4APRL4	Fecha y Hora	14/09/2022 12:59:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ASXBSL34CZTBY6UAQ4APRL4	Página	1/3






pode facelo de forma presencial. Ademais, continúa o señor presidente, sinala que, xunto ás outras administracións, a Deputación vén achegando uns 300.000 euros aproximadamente cada ano para o mantemento desta, da citada sede do Centro. Por todo iso, sinala, que este é un día importante para a Deputación, para a UNED, para todos, en definitiva. Devandito isto, comeza propiamente a reunión da Xunta Reitora, o señor presidente dá a palabra á señora directora.

Toma a palabra dona Ana Belén Traseira Pena, directora do Centro Asociado á UNED en Lugo, que comeza co primeiro e único punto da orde do día. Comeza explicando que a UNED acaba de aprobar a implantación de dous novos títulos: o Grao en Enxeñaría da Enerxía e o Grao en Educación Infantil. Sinala que son títulos que tiveron sempre unha forte demanda, polo que ten certa transcendencia tanto para a UNED como para toda a sociedade. Por todo o traballo que supuxo, felicita a señora Traseira ao vicerreitor de Grao e Posgrao, así como, ao equipo reitoral, por conseguir a súa implantación despois de anos de loita para a súa aprobación definitiva pola ANECA.

Para o caso particular do Centro, prosegue dona Ana, solicita formalmente a aprobación das citadas titulacións aos señores membros da Xunta Reitora. Que, explica, no caso de Enxeñaría da Enerxía, vai ser unha titulación moi semellante a outros graos, polo menos aos primeiros cursos doutras enxeñarías industriais, polo que, sinala, non vai supor un esforzo económico adicional para o Centro o asumir esta titulación. Mentres que, para o caso de Educación Infantil, comenta que se espera ter uns datos de matrícula moi positivos, pero, á parte diso, o Centro, aclara a señora Traseira, vai ser moi prudente na contratación do número de titores que sexan necesarios para o mesmo. O centro conta tamén, engade a señora directora, co apoio do campus, instrumento fundamental para o funcionamento dos centros asociados, polo que sinala que espera sacar adiante con éxito o grao de Educación Infantil. Mentres que, con respecto ao Grao de Ciencias Ambientais, a señora Traseira sinala a súa importancia, dada a política do Centro orientada á defensa do medio ambiente e dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, materializada no seu proxecto #LugoNaturalMente. Unha titulación, engade dona Ana, que tampouco vai significar un esforzo grande en materia de contratación de profesorado.

	IV7ASXBSL34CZTBY6UAQ4APRL4	Fecha y Hora	14/09/2022 12:59:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ASXBSL34CZTBY6UAQ4APRL4	Página	2/3





Por todo iso, conclúe a señora directora, o centro solicita a aprobación da implantación no Centro das dúas novas titulacións de grao da UNED e do Grao en Ciencias Ambientais.

Toma a palabra para intervir neste momento o señor vicerreitor, que subscribe todo o devandito pola señora directora, comenta que este ano é importante o esforzo que se está realizando en todos os centros, para a impartición das dúas novas titulacións, que a Sede Central leva moito tempo negociando coa ANECA, ata que finalmente conseguiu a súa aprobación, e que vai ser un reto, sobre todo no que respecta ao Grao en Educación Infantil, pola demanda elevada que ten, polo que, en definitiva, considera unha boa noticia para Lugo capital e para toda a provincia a implantación das citadas titulacións.

Toma a palabra o señor presidente, que dá paso ao momento de propostas e preguntas sobre este único punto da orde do día.

Intervén neste momento a señora alcaldesa, vicepresidenta da Xunta, para felicitar ao centro pola consecución destes graos, que, como xa comentou a señora directora do centro, sinala a señora Méndez, isto vai supor ampliar a oferta educativa e será, por tanto, beneficioso para o conxunto da cidade, desde un punto de vista social, pero tamén económico.

Intervén neste momento a señora directora para agradecer as palabras da señora alcaldesa.

Non habendo máis propostas nin preguntas por parte dos presentes, apróbase a implantación no Centro das dúas novas titulacións de grao da UNED e do Grao en Ciencias Ambientais. O señor presidente levanta a sesión, cando son o trece horas e vinte e tres minutos da tarde do día arriba apuntado, de todo o que eu, secretario, dou fe e certifico.

Vº. Bº.

O presidente da Xunta Reitora

O Secretario



Página 3 de 3

	IV7ASXBSL34CZTBY6UAQ4APRL4	Fecha y Hora	14/09/2022 12:59:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ASXBSL34CZTBY6UAQ4APRL4	Página	3/3

